



CONVOCATORIA E BASES DA VII EDICIÓN DOS PREMIOS “SPIN-OFF PUNTOGAL”

O dominio Puntogal e GCiencia convocan a **Sétima Edición dos Premios Spin-Off PuntoGal** para recoñecer as mellores iniciativas empresariais xurdidas no ámbito investigador galego coas seguintes **bases**:

1. **Spin-Off PuntoGal** quere recoñecer a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a Empresa e alentar o emprendemento que xorde desde os grupos de investigación universitarios.
2. A convocatoria está aberta a todas as empresas xa constituídas que teñan consideración de spin-off por parte dalgunha das tres universidades públicas de Galicia (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) e que así figuren nos rexistros destas institucións, así como aquelas que demostren unha especial vinculación co ámbito universitario ou con centros de investigación universitarios. Igualmente, poderán ser obxecto de recoñecemento os grupos de investigación formalmente constituídos e activos nalgunha das Universidades galegas e que así figuren nos rexistros destas institucións, así como aqueles vinculados ao SERGAS (Institutos de Investigación Sanitaria), aos centros singulares de investigación do CIGUS, os centros do CSIC ou ISCIII que teñan a súa sede en Galicia.
3. Non poderán ser candidatas ao Premio as empresas que conten con membros no xurado nin aquelas que estean vinculadas a GCiencia ou ao Dominio PuntoGal.
4. Este premio ten como obxectivo o recoñecemento do papel das Universidades como motor da investigación no país, polo que o xurado terá en conta na valoración cuestións como as patentes rexistradas, os artigos publicados en revistas de prestixio ou a participación en proxectos multidisciplinares de I+D+i. Outras cuestións que se terán en conta en ambas as categorías inclúen a experiencia de mercado, vinculación ao ámbito universitario, volume de negocio, internacionalización, política de comunicación e mercadotecnia, relevancia do sector, empregabilidade, Responsabilidade Social Corporativa, contribución á creación dunha nova economía, relación coa investigación universitaria, perspectivas de crecemento e todos os aspectos que permitan acreditar a valía das spin-off gañadoras.
5. Terán unha valoración especial os proxectos liderados por mulleres ou equipos onde a presenza da muller sexa relevante tanto en número como en xerarquía.
6. Como entidades vinculadas á cultura e a lingua galega, puntuarase



positivamente a utilización da lingua galega nas comunicacións internas e externas das empresas, así como o seu uso cotián na organización.

7. Os Premios outorgaranse nas seguintes tres categorías:

a. Selo de Calidade

Recoñecerase con esta distinción a empresa que consolidase ao longo do tempo unha traxectoria empresarial de prestixio.

b. Idea Emerxente

Recoñecerase con esta distinción a empresa que irrompese nos últimos meses cunha idea ou proxecto de marcado carácter innovador. O premio é ao proxecto, que se considerará en si mesmo. Cada empresa poderá presentar unha única candidatura.

c. Grupo de investigación

O xurado destacará o traballo dun grupo de investigación (dos especificados no punto 2) que, ao seu criterio, mereza esta consideración baseándose nos proxectos nos que participara, nas innovacións obtidas, nas publicacións realizadas, na súa traxectoria nos últimos anos ou na súa colaboración co ámbito empresarial.

8. A evolución das distintas fases do Premio iranse detallando en GCiencia, dentro da sección Spin-Off PuntoGal. Nesa sección recolleranse todas as noticias que xurdan en relación con estes Premios e coas empresas nadas no ámbito das universidades galegas. As bases serán igualmente publicadas en GCiencia e na páxina de PuntoGal.

9. As empresas ou grupos de investigación interesados en participar poderán enviar a súa candidatura a calquera das categorías á dirección de correo electrónico spinoff@dominio.gal, ou ben no formulario dispoñible na seguinte ligazón <https://i.gal/so23>, cun documento no que se inclúan os seguintes datos:

- Razón social da empresa ou nome do grupo de investigación
- Marca comercial
- Categoría á que se presenta
- Persoa de contacto
- Correo electrónico
- Teléfono de contacto
- Páxina web da empresa ou do grupo de investigación
- Descrición da empresa ou grupo (máximo 1.000 caracteres)
- Méritos que xustifican a candidatura (máximo 1.500 caracteres)

O promotor/a da candidatura poderá achegar ata un total doutros cinco documentos adicionais e outras tantas ligazóns para reforzar a súa candidatura.



Os candidatos a “**Idea Emerxente**”:

- Número de empregados
- Volume de negocio
- Porcentaxe de mulleres
- Porcentaxe de mulleres en postos directivos
- Vinculación con proxectos de inclusión
- Publicacións en revistas científicas
- Material de comunicación interno e externo
- Participación en proxectos multidisciplinares de I+D+i

E os candidatos a “**Grupo de investigación**”:

- Número de membros do grupo
- Porcentaxe de mulleres
- Participación en proxectos de transferencia de coñecemento
- Publicacións en revistas científicas

9. Os datos de carácter persoal que se poidan recoller nesta Convocatoria, recóllense no ámbito e coa exclusiva finalidade do seguimento, control e desenvolvemento desta, quedando garantido o seu tratamento e protección de acordo co establecido pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. O responsable do ficheiro é Ciencia Galega Industrias Creativas, con domicilio en Camelias, 38, 1º 36202 Vigo, onde poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

10. A presentación de candidaturas poderá realizarse ata o 15 de xullo de 2022. A organización non aceptará candidaturas fóra de prazo ou que non cumpran os requisitos formais. A presentación de candidaturas é gratuíta.

11. Na categoría **Selo de calidade**, será o xurado quen propoña, avalíe e decida sobre as propostas tendo en conta os requisitos esixidos para as empresas candidatas. Dadas as particularidades desta categoría, o xurado terá en conta especialmente a consolidación dunha traxectoria de prestixio no sector empresarial galego nos últimos anos. As empresas candidatas deberán ter como mínimo unha traxectoria de 5 anos dende a súa creación.

12. Na categoría **Idea Emerxente** poderán presentarse ou ser propostas aquelas empresas que cumpran os requisitos esixidos, con especial atención á creación dunha nova spin- off ou empresa vinculada ao ámbito universitario ou a aplicación dun novo coñecemento, proxecto ou idea durante os últimos dous anos.

13. Na categoría de **Grupo de Investigación** o xurado elixirá un grupo formalmente constituído que destacase polo seu traballo innovador nos últimos meses. Poderán ser obxecto de recoñecemento os grupos de investigación formalmente constituídos e activos nalgunha das Universidades galegas e que así figuren nos rexistros destas institucións, así como aqueles vinculados ao SERGAS (Institutos de Investigación Sanitaria), aos centros singulares de investigación do CIGUS, os



centros do CSIC ou ISCIII que teñan a súa sede en Galicia.

14. O xurado estará formado por representantes do Dominio PuntoGal, GCiencia e autoridades do ámbito universitario, institucional e empresarial designadas pola organización. Incluirá un secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, quen levantará acta das deliberacións. A decisión do xurado é inapelable. O xurado pode considerar, se así o estima, a candidatura dalgunha empresa ou grupo de investigación que non se presentase, polas súa especial traxectoria no último ano.

15. Entre o 1 e o 30 de setembro procederase á deliberación do xurado que designará aos gañadores nas tres categorías dos Premios e nomeará tamén finalistas nas categorías de **Idea Emerxente** e **Grupos de Investigación**, se o considera pertinente.

16. **Entre o 30 de setembro e o 15 de outubro**, GCiencia elaborará e publicará unha serie de reportaxes sobre os finalistas das categorías **Idea Emerxente** e **Grupos de Investigación**, así como do premiado co **Selo de Calidade**. Unha vez finalizada a súa publicación, o xurado anunciará os gañadores.

17. Os Premios consistirán en:

Selo de Calidade: peza física de deseño exclusivo, diploma acreditativo e dous dominios gratuítos de PuntoGal durante dous anos.

Idea Emerxente: peza física de deseño exclusivo, diploma acreditativo e un dominio gratuíto de PuntoGal durante dous anos.

Grupo de Investigación: peza física de deseño exclusivo, diploma acreditativo e un dominio gratuíto de PuntoGal durante dous anos.

O xurado poderá escoller un finalista para cada unha das categorías de **Idea Emerxente** e **Grupo de Investigación** e facelo público, ao seu criterio. Ditos finalistas recibirán un diploma acreditativo e un dominio PuntoGal gratuíto durante un ano.

18. Os premios daranse a coñecer antes do 30 de outubro nas webs de GCiencia e PuntoGal, xunto coa acta do xurado. Previamente, seranlles comunicados aos gañadores a través do correo electrónico. Os premios serán entregados nun acto público antes do remate do ano 2023, preferentemente no mes de novembro, se a situación sanitaria do momento o permite e na modalidade que esta aconselle. O acto público celebrarase de maneira rotatoria nas tres universidades galegas, no lugar que se determine. Nesta edición de 2023 a entrega terá lugar en Santiago de Compostela.

19. Calquera dúbida ou conflito sobre o premio será resolta por unha comisión integrada por dous representantes de PuntoGal e outros dous de GCiencia, que teñen a última palabra sobre o funcionamento do certame.



20. Os convocantes dos Premios garanten a total confidencialidade respecto das prácticas, proxectos e políticas empresariais presentadas. A información recollida durante todo o proceso considerárase propiedade exclusiva dos seus autores e será tratada con confidencialidade. A documentación poderá ser utilizada exclusivamente con fins de difusión e notoriedade pública nas diferentes canles de PuntoGal e GCiencia.

21. As empresas candidatas que non cumpran todos os requisitos non serán tidas en conta. A interpretación das Bases, ou calquera aspecto non previsto nelas, é competencia exclusiva do Xurado, que poderá declarar o Premio deserto en calquera das súas categorías.

22. As empresas candidatas consenten, ao participaren na presente convocatoria, a utilización, publicación e reprodución por parte da Organización da súa denominación social, logotipos, nome comercial e/ou marca comercial, en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación, incluído Internet, ou calquera outro medio da natureza que sexa con fins informativos sempre que estes se relacionen co presente concurso, sen dereito a reembolso de ningún tipo para a empresa candidata.

23. Os participantes, polo feito de presentaren as súas candidaturas, aceptan as presentes bases e a decisión do Xurado, renunciando a toda reclamación.